



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Dereito constitucional II

Materia	Dereito: Dereito constitucional II			
Código	O03G081V01204			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	González-Ares Fernández, José Agustín			
Profesorado	González-Ares Fernández, José Agustín Mosquera Casero, Jose			
Correo-e	ares@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/ares/			
Descrición xeral	O substantivo do Programa da materia Dereito Constitucional II céntrase no estudo da parte dogmática da nosa Constitución, que formula os valores e principios fundamentais nos que se asenta o noso ordenamento constitucional, así como a plasmación pormenorizada da clasificación dos dereitos e liberdades, en canto ao contido esencial do exercicio destes por parte dos titulares de tales dereitos e liberdades, a súa regulación xurídica, así como as garantías que aseguran o seu exercicio adecuado.			

Competencias de titulación

Código	
A40	CE40 - Coñecer os Dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución española así como os sistemas de garantías deses dereitos e as normas aplicables
A41	CE41 - Saber interpretar e aplicar as normas que regulan os dereitos fundamentais así como as súas garantías
A58	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A59	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A61	CB5 - Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
A62	CG1 - Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A63	CG2 - Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
A64	CG3 - Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
A65	CG4 - Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
B1	CT1 - Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
B4	CT4 - Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
B5	CT5 - Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os Dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución española así como os sistemas de garantías deses dereitos e as normas aplicables.	A40
Saber interpretar e aplicar as normas que regulan os dereitos fundamentais así como as súas garantías.	A41

Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo	A58
Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	A59
Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía	A61
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.	A62
Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.	A63
Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica.	A64
Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar.	A65
Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.	B1
Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.	B4
Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.	B5

Contidos

Tema	
1. Dereitos humanos e dereitos fundamentais	Introdución.- As Declaracións de dereitos humanos.- A constitucionalización dos dereitos humanos e fundamentais.- Configuración dos dereitos humanos fundamentais.- Os dereitos fundamentais: clases, eficacia e contido.
2. Os dereitos fundamentais na Constitución española de 1978	Os dereitos e liberdades no constitucionalismo histórico español.- Estrutura e sistemática dos dereitos fundamentais na Constitución de 1978.- A titularidad e o exercicio dos dereitos fundamentais.- Os límites aos dereitos fundamentais.
3. O principio de igualdade	Introdución.- O artigo 14 da Constitución.- A obrigação dos poderes públicos de facer real e efectiva a igualdade.
4. Dereitos e liberdades de ámbito persoal	O dereito á vida.- O dereito á integridade física e moral.- A liberdade ideolóxica e de pensamento.- O dereito á liberdade persoal.
5. Dereitos e liberdades da esfera privada	O dereito á intimidade persoal e familiar.- O dereito ao honor e á propia imaxe.- A inviolabilidade do domicilio.- A inviolabilidade das comunicacións.- As liberdades de residencia e circulación.
6. Dereitos e liberdades de ámbito público	Introdución.- A liberdade de expresión.- Liberdades de reunión e de manifestación.- Liberdade de asociación.- O dereito a participar en asuntos públicos.- O dereito de petición.
7. Os dereitos e liberdades educativos	O dereito á educación.- A liberdade de ensino.- A autonomía universitaria.
8. Dereitos de ámbito laboral	O dereito ao traballo.- O dereito á liberdade sindical.- O dereito de folga.- O dereito á negociación colectiva laboral.- O dereito a adoptar medidas de conflito colectivo.
9. Dereitos e principios de natureza económica e social	Os dereitos no ámbito económico.- Os dereitos no ámbito cultural.- Os principios rectores da política social e económica.
10. Os deberes constitucionais	Dereito-deber de defender España.- Deberes tributarios.- Outros deberes constitucionais.
11. As garantías dos dereitos fundamentais	Introdución.- O dereito a tutela xudicial efectiva.- As garantías ante a xurisdicción ordinaria.- As garantías ante a xurisdicción constitucional: o recurso de amparo.- As garantías ante a xurisdicción internacional.
12. A restricción ou suspensión dos dereitos fundamentais	Introdución.- A suspensión xeral dos dereitos fundamentais.- A suspensión individual dos dereitos fundamentais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	11	11	22
Traballos tutelados	2	18	20
Sesión maxistral	30	50	80
Presentacións/exposicións	6	12	18
Titoría en grupo	2.5	6	8.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Traballos tutelados	O estudante, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o estudante.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Pódese levar a cabo individualmente ou en grupo.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Titorías en grupo ou individualizadas nas que se confrontarán e orientarán, se é o caso, os traballos personalizados realizados polos alumnos/as, así como a resolución de dúbidas expostas tanto polo traballo teórico como práctico. Así mesmo, facilitaráselles aos alumnos unha atención personalizada dirixida a titorizar a realización dos traballos que han desenvolver estes, indicándolles as directrices que deben seguir, bibliografía relacionada co asunto obxecto de estudo, forma de presentación, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Presentación por escrito de análises de textos e análises críticas de lecturas propostas ao longo do curso.	20
Traballos tutelados	Elaboración de traballos tutelados sobre algúns contidos da materia baixo a dirección e tutela do profesor.	10
Presentacións/exposicións	Exposición dos traballos tutelados	10
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Desenvolvemento por escrito dunha pregunta do programa.	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

Será condición imprescindible para contabilizar a avaliación continua obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba de resposta longa.

O alumno deberá elixir entre un sistema de avaliación continua ou a realización dun exame final.

Aqueles alumnos que non se sometan ao sistema de avaliación continua terán unha avaliación final que implicará o desenvolvemento por escrito de dúas preguntas longas que se incluírán no programa e suporán o 80% da avaliación e una pregunta práctica que suporá o 20% da avaliación.

Tanto estes últimos alumnos como os anteriores gozarán de atención personalizada nas titorías individualizadas cando así o desexen.

Na segunda convocatoria (xullo) diferenciaranse as seguintes modalidades:

- a) Para os alumnos presenciais: terán que ser avaliados daquela parte da programación docente que non superasen durante o curso. b) Os alumnos non presenciais deberán repetir a avaliación na súa totalidade.

Convocatoria fin de carreira

A avaliación constará de dúas preguntas de resposta longa e o desenvolvemento dun caso práctico. Cada unha das preguntas de resposta longa valerán un 40% da nota final; o desenvolvemento dun caso práctico valerá o 20% da nota final

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de

Bibliografía. Fontes de información

ALEXY, R., **Teoría de los derechos fundamentales**, 2ª ed.,

ARAGÓN REYES, M. y AGUADO RENEDO, C. (coord.), **Derechos fundamentales y su protección. Temas básicos de Derecho Constitucional. Tomo III**,

BALAGUER CALLEJÓN, F. y otros, **Manual de Derecho Constitucional. Vol. II. Derechos y libertades fundamentales**, 8ª ed.,

BASTIDA FREIJEDO, F. y otros, **Teoría general de los derechos fundamentales en la Constitución española de 1978**,

DÍEZ-PICAZO GIMÉNEZ, L. M., **Sistemas de derechos fundamentales**, 4ª ed.,

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **El Valedor do Pobo. Del Ombudsman sueco al Comisionado parlamentario gallego**,

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Las Constituciones de la España contemporánea. Del Estatuto de Bayona a las Leyes Fundamentales del franquismo**,

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Leyes constitucionales españolas (1808-1978)**, 2ª ed.,

JIMÉNEZ CAMPO, J., **Derechos fundamentales. Concepto y garantías**,

LÓPEZ GUERRA, L. y otros, **Derecho Constitucional. Vol. I. El ordenamiento constitucional. Derechos y deberes de los ciudadanos**, 9ª ed.,

PÉREZ LUÑO, A. E., **Los derechos fundamentales**, 11ª ed.,

PISARELLO, G., **Los derechos sociales y sus garantías. Elementos para una reconstrucción**,

TAJADURA TEJADA, J., **Los principios rectores de la política social y económica**,

Revistas, **Revista de Derecho Político**, **Revista de Estudios Políticos**, **Revista Española de Derecho Constitucional**, **Teoría y Realidad Constitucional**,

Bases de datos: **Aranzadi**, **Eur-Lex**, **Iber-Lex**, **Tirant on line**, **Calex**,

Páxinas web: **www.cepc.es**, **www.boe.es**, **www.congreso.es**, **www.senado.es**, **www.poderjudicial.es**, **www.tribunalconstitucional.es**, **www.defensordelpueblo.es**, **www.xunta.es**, **www.aelpa.org**,

Recomendacións**Materias que continúan o temario**

Dereito administrativo I/O03G081V01401

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Historia: Historia do dereito/O03G081V01205

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/O03G081V01103

Dereito: Dereito romano/O03G081V01104

Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102
